



Xosé Anxo Lage Suárez, con DI 33820640, Voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte

**MOCIÓN EN DEFENSA DA INFORMACIÓN LOCAL NOS MEDIOS DE  
COMUNICACIÓN PÚBLICOS**

**Exposición de motivos:**

O Plan de Saneamento da SEPI, a Sociedade Estatal de Participacións Industriais, prevé reducir os centros territoriais e provinciais de RTVE, que no caso de Lugo se traduciría nunha merma de información local. En Radio 5 Todo Noticias suprimiríanse todos os boletíns informativos de carácter territorial e local co que non se daría información de Lugo e da provincia en espazos concretos como os que hai agora, boletíns de cinco minutos cada hora, desde as 8:25 horas da mañá até as 20:25 horas da tarde.

A isto hai que engadir o feito de que en Galicia estes boletíns de carácter local e provincial se están a facer en idioma galego. O plan anunciado pola SEPI conlevaría ademais unha redución dos actuais postos de traballo.

Pola defensa e pola permanencia da información máis próxima nos medios de comunicación públicos, como é o caso de Radio Nacional de España en Lugo, pola descentralización dos servizos informativos e polo mantemento dos postos de traballo, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno a adopción do seguinte

**ACORDO:**

- **Que o Pleno da Corporación municipal se dirixa á Sepi, ao Consejo Asesor de RTVE e á dirección do ente público para que explique os plans de saneamento previstos e as súas consecuencias para as delegacións provincial e local de RTVE en Lugo**
- **Que o Pleno da Corporación municipal se dirixa á Sepi, ao Consejo Asesor de RTVE e á dirección do ente público para solicitarlle que se manteñan os espazos informativos adicados a novas locais e provinciais así como a actual estrutura territorial, que permite unha cobertura descentralizada da información**

Lugo, 1 de marzo de 2006.

Asdo: Xosé Anxo Lage Suárez

Voceiro do GM do BNG

EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DA EXCMA. CORPORACIÓN MUNICIPAL DE LUGO